

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 2 CINTA 7



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0007_002_en_0_11_59_id644_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0007_002_en_0_11_59_id644.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a sétima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de microtoponimia en Cangas e Moaña. Nomes de praias, illas e pedras.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 7 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, toponimia, Cangas, Moaña, praia, illa, con

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 7



P: Hai unha serie de nomes o mellor, de zonas, de lugares que significan algo ¿Non? ¿Cómo lle diría eu? As praias, o mellor algunhas xa desapareceron, hai un sitio de praias onde se pescaba ou onde se metía unha entallada. De Domaio pa cá hasta Tirán sabe máis ou menos como lle chaman as praias que había. A praia aquela de Domaio que estaba fronte a igrexa ¿Cómo lle chaman?

R: ¿A praia... ?

P: De Domaio que estaba fronte a Igrexa.

R: De esa non.

P: Non sabe. E despois que coñece a praia de Meira, a da Xunqueira...

R: A Xunqueira, a do Con.

P: Esta praia de Moaña.

R: A praia de Moaña hasta Rodeira.

P: Rodeira, pois por Tirán hai a Fiunchal.

R: A punta de Rodeira que ten o arenal de Cangas. Despois xa tes Liméns. Despois xa tes Liméns e despois xa tes un montón de pedras que hai aquí que lle chaman os Castros.

P: Si iso é en Nerga, xa alá.

R: Si esa é a zona de Nerga toda. Despois tes outra zoa que lle chaman Barra.

P: Si un pouco máis pa lá.

R: É unha praia grande ¿non? E despois xa tes...

P: ¿E por aquí? ¿Por aquí que hai? Hai o Foxón ¿Non? A de Vilela.

R: Todas esas zonas desapareceron todas, desapareceron os nomes ¿Sabes?

P: Sí ¿Qué nomes recordas que desapareceron? Como era a Punta de Mosqueira que xa desapareceu. E esta que me dixo o outro día a pedra Consela...

R: Esa está enterrada¹.

P: Está enterrada, está debaixo do aterrado. A praia de Moaña tamén desapareceu xa non queda nada. Antes era un areíro todo ¿Non?

R: Agora cando está baixo o mar é un areíro todo, cando baixa o mar non a praia, o areíro non. Pero era moito máis e estaba balizada toda, e estaba balizada con palabras ¿E?

P: ¿Sí?

R: Sí, si. Toda esta costa hasta San Adrián² estaba balizada. Os tramos que había estaban onde tiñan o nome.

P: ¿E que nomes? ¿Acórdase?

R: Que sei eu con tantos nomes. Quenes se acordaban eran os rapiteiros (sic). Os homes que ían a rapeta, os rapiteiros dábanlle nome a todas as pedras e os buracos e todo.

P: E Usté non se lembra así de nomes que desapareceran. Había un que desaparecera no Con que era a pedra Cú de Frade. Esa fai pouco que a destruíran cando fixeran a traída de augas, que a dinamitaron. Había outra alí nas Cortes que lle chamaban a pedra do Bote ¿E así non se lembra de máis tipos de pedras que tiveran así nomes moi característicos que identificaban os mariñeiros?

R: Si bueno era o nome dunha época. O que nace agora unha persoa poñenlle o nome.

P: E que nós pa identificalos tamén.

R: Desaparece o terreo, desaparece o nome. Eses aportábanse moito cando había... traballábase no mar con barcos pequenos.

P: Sí.

¹ Non foi soterrada. Está ao final do espigón do paseo de Moaña, xusto onde está a estatua do Fisgón.

² San Adrián, parroquia do concello de Vilaboa, que linda coa parroquia de Domaio do concello de Moaña.



R: Porque utilizábase a praia máis. Agora cando o motor xa non se usa tanto a praia. Úsase máis un sitio de muelle, o sitio de puente. Antes nunha (?) area pois había unha embarcación.

P: Eses nomes perdéronse todos, non se acorda.

R: Eses nomes perdéronse todos.

P: E de illas así en Moaña a parte da Illa dos Ratos e de San Bartolomé.

R: Tes aquí o que se lle chama o Buraco dos Toxos.

P: O Buraco dos Osos.

R: O Dos Toxos, o Buraco dos Toxos.

P: Dos Toxos.

R: Onde está o varadero ese, aí.

P: Si alá no Borna.

R: Si. Na Borna non.

P: Ou, na Borna. ¡No Cocho!

R: Si no Cocho. O buraco do Cocho.

P: E que máis ¿Ese é o Buraco do Toxo ou do Choco?

R: O Buraco dos Toxos. (interrompe unha bisneta)

P: Dos Toxos. A parte das illas de San Bartolomeu e dos Ratos non había así unha pequena illa máis por Moaña ¿Non?

R: Os Ratos había... As embarcacións así con sinais que había antes, así como Quintela non... estaban bautizadas (?). Agora no mar perdeuse porque non se anda como se andaba antes a remos e descalzos polo mar.

P: Claro porque antes coñecía-se todo, se nombraba todo por iso lle preguntaba algunhas ramblas, algúns sitios que se conocean.

R: Si, has de conocer ti tamén a rambla (sic)³ Pereira.

P: Si.

R: Xa cando fixeron hai cen anos, xa fixeron a rambla de Pereira cando fixeran a carretera⁴ xa fixeran iso.

P: Xa fixeran a rambla de Pereira.

R: A rambla de Pereira. Agora é a rambla de Ramona.

P: Si porque está próxima Ramona. E así pedras que houbera polo medio, pedras importantes o mellor que correran o riesgo de embarrancar nelas.

R: Embarrancar embarracábase...

P: Tiña nomes tamén.

R: Cando se embarracaba a lancha de remos non tiña perigo ningún porque era en terra e non tiña quilla iban a barranquilla e non facían nada. O malo cando viñeron os motores, cando viñan os motores pois rompíanse as hélices e rompíase todo.

[Nota do APOI: falta un anaco de entevista]

R: Antes desde a ribeira de Vigo, a ribeira onde está o (?) hasta a Punta de Cabo de Mar non había metro que non tivera nome. Estes botes pequenos que andaban á femia.

P: Si.

R: ¿Sabe?

P: Que me explicara coa fisga ¿Non?

R: Coa fisga. Sabían todos os rincóns, todos os rincóns, todos os rincóns.

P: E Usté non se acorda así.

R: Non, fai moitos anos xa.

³ Os mariñeiros moañeses sempre dixeron “rambla” e non “rampla”.

⁴ A chamada “estrada de abaixo”, hoxe Avda. Concepción Arenal, foi construído en 1914, en principio chamáronlle “o malecón” e fixeron accesos á praia con escaleira e ramplas.